A DIVISIÓN DO IMPERIO ROMANO E O COMEZO DA IDADE MEDIA

Os romanos conquistaran un grande imperio arredor do Mediterráneo. No 395, o emperador **Teodosio** dividiuno en dúas partes para defendelo mellor dos bárbaros: o **imperio romano de Occidente**, con capital en Roma, e o **imperio romano de Oriente,** con capital en Bizancio. Desde aquela, cada unha das partes seguiu unha evolución diferente:

– O **imperio de Occidente** desapareceu no ano 476 a mans dos pobos xermánicos. A desaparición do imperio de Occidente marca o final da Idade Antiga e o comezo da Idade Media, que se estende ata 1453. Nos territorios do desaparecido imperio de Occidente establecéronse diversos reinos, entre os cales destacou o **imperio carolinxio** en Francia, no que o rei principal foi Carlomagno (768-814).

– O **imperio de Oriente**, coñecido máis tarde como **imperio bizantino**, mantívose ata 1453 no Mediterráneo oriental. O seu principal emperador foi Xustiniano (527-565).

1. **Completa** as frases seguintes:

a) O imperio romano foi dividido por _____ en _____ partes no ano _____.

b) O imperio romano de Occidente _____ no ano _____ a mans dos pobos _____.

c) O imperio romano de Oriente pasou a denominarse _____ e mantívose ata _____.

d) A Idade Media comeza no _____ e finaliza no _____.

2. **Arrastra** aos recadros que correspondan os seguintes acontecementos históricos.

- División do imperio romano.
- Fin do imperio romano de Occidente.
- Fin do imperio romano de Oriente.
- Reinado de Xustiniano.
- Reinado de Carlomagno.



LIVEWORKSHEETS

3. **Emparella** os personaxes cos feitos que lle correspondan.

Principal emperador bizantino	
Desparición do imperio romano de Occidente	
División do imperio romano	
Principal rei dos francos	

Teodosio	Pobos bárbaros	Carlomagno	Xustiniano

4. **Completa** o seguinte mapa histórico arrastrando os seguintes nomes onde corresponda.

Imperio romano de Occidente

Imperio romano de Oriente

Roma

Constantinopla



LIVEWORKSHEETS